

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO (CURSO 2018-19)

A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social, co obxecto de cumprir-la vontade fundacional, e con cargo ao seu orzamento, acordou a concesión de Axudas para colaborar aos gastos do ensino e propiciar así a igualdade de oportunidades, coas seguintes condicións:


- ❑ As axudas consisten nunha **redución parcial das cotas de matrícula** que os alumnos deben satisfacer á E.U.T.S., sen que repercutan en ningún caso nas contías por prezos públicos que o alumno deba aboar á universidade.
- ❑ Poderán solicita-la axuda os alumnos matriculados en **1º, 2º, 3º, 4º de Grao e Curso Ponte**.
- ❑ Os **impresos de solicitude** deberán recollerse na Secretaría da E.U.T.S. ou descargarse na páxina web www.euts.es. Unha vez cuberta a solicitude, o interesado deberá entregala en Secretaría, acompañada de toda a documentación requirida antes da data de peche da convocatoria.
- ❑ Os solicitantes deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

Requisitos académicos:

- Non ser licenciado, enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou diplomado (salvo para alumnos/as de curso ponte).
- Ter máis de un punto de nota media no expediente académico e non ter pendente máis do 30% dos créditos nos que estivera matriculado no curso anterior no seu caso.
- As axudas non se aplicarán para cursos ou materias que o estudante repita ou se se matricula nun número de materias ou créditos inferior ó 60% do que corresponde ó promedio dun curso ordinario ou convalida unha porcentaxe igual ou superior ao 40% dos créditos do curso.
- No caso dos alumnos de novo ingreso (1º), terase en conta a nota de acceso á universidade.

Requisitos económicos:

- Non superar unha renda familiar neta de 26.000 € para familias de tres membros (polo 4º e 5º máis, engadirase a esta cantidade 3.600 € e polo sexto e sucesivos 2.600 €), en ambos casos por cada membro.
- Nos casos de autónomos, profesionais e industriais, non superar un movemento empresarial de 125.000 €.



- A solicitude deberá estar acompañada dos **seguintes documentos**, que de non ser presentados coa mesma, causará a súa desestimación:
 - Fotocopia do resgardo de matrícula na Universidade.
 - Fotocopia do certificado do seu expediente académico actualizado.
 - Fotocopia completa da ou das declaracións do Imposto sobre a Renda da unidade familiar na que figure incluído o solicitante, correspondente ó último exercicio, salvo que dita unidade pola contía dos seus ingresos estivese exenta de efectiva, situación que deberá xustificar oportunamente.
 - En caso de separación ou divorcio é necesario acreditar o importe actualizado da pensión percibida do ano en curso ou, no seu defecto, documentar que non se percibiu.

- Poderanse recadar do solicitante outros documentos ou informacións que se consideren precisos.

- A concesión das axudas notificarase por escrito aos beneficiarios, expoñéndose as listas no taboleiro da Escola.

DATA LÍMITE PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

30 de novembro de 2018

NOTA: As axudas concédense unicamente para un ano académico e teñen que ser novamente solicitadas se se desexa a súa renovación. Esta axuda será incompatible coa percepción da contía máxima da Bolsa do Ministerio.